

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte texto de PLATÓN e a partir del responde as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as cualidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.**

TEXTO

Pois o que establecemos dende o principio que debía facerse en toda circunstancia, cando fundamos a cidade, segundo a miña opinión, é a xustiza ou unha especie desta. Pois establecemos, se recordas, e moitas veces xa o repetimos, que cada un debía de ocuparse dunha soa cousa de entre as que concimen á cidade, precisamente daquela na que estivese mellor preparado por natureza.

- En efecto, dixémolo.

- E que a xustiza consiste en facer o que é propio dun, sen meterse nas cousas alleas, é algo que xa oímos a outros moitos e que nos dixemos repetidamente.

- En efecto, afirmámolo frecuentemente.

- Nese caso, amigo meu, a xustiza parece que consiste en facer cada un o seu. ¿sabes de onde o deduzo?

- Non, pero dimo ti.

- Ao meu parecer do que temos examinado, a moderación, a valentía e a sabedoría, o que resta por ver na cidade, é o que dá a todas aquelas calidades a capacidade de nacer e unha vez nadas, permítelles conservarse, mentres permaneza nelas. E xa dixemos que, se encontrabamos as tres, a xustiza sería a que restase.

- Por forza é así.

- Non obstante, se fose preciso discernir cal destas calidades fará a nosa cidade mellor, resultaría difícil discriminar se consiste nunha coincidencia de opinión entre os gobernantes e os gobernados, ou se é a conservación da opinión consonte á lei que hai entre os militares acerca do que debe ser temible ou non, ou a intelixencia e a vixilancia entre os gobernantes; ou iso que fai mellor á cidade consiste, tanto no neno coma na muller, no escravo coma no home ceibe, e no artesán, no gobernante e no gobernado, en que cada un se ocupe do seu, sen atender ao alleo.

- Dende logo, sería difícil. ¿Como non?

- Entón, segundo parece, en relación á excelencia da cidade, a capacidade de facer cada un o seu nela pode rivalizar coa súa sabedoría, coa súa moderación e a súa valentía.(...)

- Pois un home xusto non diferirá en nada da cidade xusta en canto á idea da xustiza mesma, senón que será semellante.

- Semellante, en efecto.

- Porén, unha cidade parece xusta cando os tres tipos de naturezas que existen naquela fan cada un o seu; e pareceunos moderada, valente e sabia a causa dalgunhas outras afeccións e hábitos deses mesmos tipos de naturezas.

- É verdade.

- Por conseguinte, querido amigo, estimaremos que quen teña eses mesmos tipos na súa alma, a causa das mesmas afeccións que aqueles, é ben merecedor de recibir os mesmos apelativos que a cidade.

PLATÓN, República libro IV, 433a—435c

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico y conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: os sofistas e Sócrates.

II) Comprensión: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: a concepción política de Platón: vinculación da alma á cidade.

III) Coñecemento específico: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte e texto de KANT e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as cualidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.**

TEXTO

Non hai en ningures no mundo nin sequera fóra del nada pensable que poida ser considerado bo sen restrición, agás unha boa vontade. (...)

A boa vontade non o é pola súa acción ou os seus efectos, nin pola súa idoneidade para acadar tal ou cal fin proposto, senón unicamente polo querer, é dicir, é boa en si, e, considerada por si mesma, é en comparación moito máis digna de estima ca todo o que por ela puidera lograrse para satisfacer tal ou cal inclinación ou, se se quere, a suma de todas as inclinacións. (...)

Para desenvolver, porén, un concepto dunha boa vontade digna en si mesma da máis alta estimación e desprovista de calquera propósito ulterior, tal como xa está no san entendemento natural, que non precisa tanto de ser ensinado, senón máis ben só ilustrado... imos tomar en consideración [poñer diante nosa] o concepto de deber...

Deber é a necesidade dunha acción por respecto á lei...

O valor moral da acción non reside, por tanto, no efecto que dela se espera e tampouco en ningún principio da acción que precise tomar prestada a súa motivación daquel efecto esperado. Pois todos eses efectos (a comodidade da propia situación, ou mesmo o fomento da felicidade allea) podían ser logrados por outras causas e non se precisaba para iso da vontade dun ser racional, unicamente na cal, non obstante, se pode atopar o ben supremo e incondicionado. Por iso ningunha outra cousa máis que a representación da lei en si mesma –que, de certo, só pode realizarse no ser racional– en canto é ela, e non o efecto que agardamos, a determinación última da vontade, pode constituír o ben excelente que chamamos ‘ben moral’, o cal está xa presente na persoa mesma que actúa conforme á lei, pero que non se pode esperar do efecto [desa acción].

Mais, ¿que clase de lei pode ser esa, cuxa representación, mesmo sen tomar en consideración o efecto que dela agardamos, ten que determinar a vontade, a fin de que esta poida chamarse boa absolutamente e sen reservas? Tendo eu despois á vontade de todos os estímulos que poderían provir da observancia dunha lei calquera, nada máis resta que a conformidade a unha lei universal das accións en xeral, a cal unicamente ha de servir á vontade como principio; é dicir, eu debo conducirme sempre unicamente de xeito que eu poida tamén querer que a miña máxima se torne en lei universal. Aquí é, pois, a mera legalidade en xeral (sen poñer como fundamento ningunha lei determinada das que rexen certas accións en concreto) a que serve de principio á vontade e tamén o que lle ten que servir para que o deber non sexa en todo caso máis ca unha vana ilusión e un concepto quimérico. E con isto está en perfecta concordancia a común razón dos homes nos seus xuízos prácticos, tendo sempre diante dos ollos o mentado principio.

I. KANT, *Fundamentación da metafísica dos costumes.*

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración.

II) Comprensión: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda á seguinte cuestión temática: o formalismo moral.

III) Coñecemento específico: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte texto de AGOSTIÑO DE HIPONA e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- *Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.*
- *Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.*

TEXTO

4. Polo tanto esta vantaxe que temos sobre as bestas debemos cultivala en nós ao máximo, e volver esculpila en certo modo, e reformala. Pero, quen podería facelo, senón o artífice que a formou? Puidemos deformar en nós a imaxe de Deus, reformala non podemos. Temos pois, resumindo todo brevemente, a mesma existencia que os paus e as pedras, vida coma as árbores, facultade de sentir coma as bestas e facultade de entender coma os anxos. E así distinguimos cos ollos as cores, cos oídos os sons, co nariz os cheiros, co gusto os sabores, co tacto as calores, co intelecto as maneiras de obrar. Todo home quere entender; ninguén hai que non o queira; non todos queren crer. Dime un home: “Entenda eu para que poida crer”. Respóndolle: “Cre para que poidas entender”. E xa que naceu entre nós unha controversia tal, por así dicilo, cando me dixo un “Entenda eu para que poida crer”, e eu respondinlle: “mellor cre para que poidas entender”, vaiamos con esta controversia onda o xuíz e ningún dos dous presuma que a sentenza caerá da súa parte. A que xuíz iremos? Se examinamos a tódolos homes, non sei a que outro xuíz podemos atopar mellor que ao home polo cal Deus fala. Non vaiamos, pois, neste asunto e controversia, aos autores profanos, non sexa o noso xuíz un poeta, senón un profeta.

AGOSTIÑO DE HIPONA, *Sermón* 43, 4.

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: Helenismo: filosofía e cristianismo.

II) Comprensión: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: o problema entre razón e fe en Santo Agostiño e en San Tomé.

III) Coñecemento específico: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte texto de KANT e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- *Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.*
- *Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.*

TEXTO

Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección doutro. ¡*Sapere aude!* ¡Ten o valor de servirse do teu propio entendemento!, eis a divisa da ilustración.

Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os teña ceibado da dirección allea (*naturaliter maiores*), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. ¡É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. A inmensa maioría dos homes (...) consideran que o paso cara á maioría de idade, ademais de pesado, é perigoso: iso procuran os titores que se teñen encargado bondadosamente do seu control...

Para a persoa individual é daquela difícil dar saída dunha minoría de idade case convertida en natureza... De aí que só uns poucos teñan conseguido co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme.

Ben máis posible é, pola contra, que o público se ilustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se lle deixe en liberdade. Pois sempre se atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de terse desfeito do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo.

I. KANT, «Resposta á pregunta: Que é ilustración?» (*Berliner Monatschrift*, decembro, 1784)

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: as novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza.

II) Comprensión: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: a idea kantiana de Ilustración.

III) Coñecemento específico: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

Cómpre ter en conta que o exame *ten* cuestións, pero *non é un “cuestionario”* senón que ten un **carácter predominantemente discursivo**. De aí que non se poida dar “a versión” correcta do exame; unha mesma cualificación pode ser acadada de maneira distinta. Primeiro porque a materia se presta a iso; unha cuestión filosófica pode ser abordada de xeitos distintos; cada profesor/a, sempre de maneira correcta, terá explicado a materia segundo unha liña particular. Pero é que ademais os coñecementos filosóficos só se poden acadar de maneira reflexiva; para adquirilos e para expoñelos ao alumnado deberá poñer en xogo todos os seus recursos expresivos. Este é precisamente un dos papeis que xoga –e queremos que siga a xogar!– a filosofía no bacharelato: contribuir á madurez intelectual dos/das alumnos/as.

A desagregación da nota máxima (10 puntos) non ten que corresponderse con partes diferenciadas do exame. O/a alumno/ pode –e mesmo sería desexable– presentar unha composición unitaria. Correspóndenos a nós os/as correctores/as analizar esa composición segundo o esquema do exame.

Mesmo pode suceder que a lectura completa e unitaria do texto nos permita, de forma fundada e razoada, rectificar a cualificación que se derivaría dunha avaliación demasiado analítica. A partir destas consideracións a cualificación máxima de 10 puntos distribuírase así:

1ª parte → 2,5 puntos distribuídos consonte os seguintes criterios e proporcións:

- | | |
|---|-------------------|
| — Contextualización xeral..... | 1,5 puntos |
| — Cuestión específica de contextualización..... | 1,5 puntos |
- Avalíase a **comprensión epocal** do/da alumno/a. (Isto non inclúe a mera mención de anécdotas).
 - Os 1,5 puntos de nota máxima atribuídos á “contextualización xeral” corresponderían ao hipotético caso dun/dunha alumno/a que non contestando propiamente á cuestión específica de contextualización que se lle formula amose coñecementos consistentes sobre a época na que se sitúa o autor.
 - A correcta resposta á cuestión específica de contextualización que se lle formula comportará inevitablemente coñecementos proporcionados de “contextualización xeral”.

2ª parte → 6 puntos distribuídos consonte os seguintes criterios:

- Trátase de avaliar **os coñecementos sobre o autor** centrándose na **cuestión temática formulada** e, en relación con esta, a **comprensión do texto**.

3ª parte → 1,5 puntos distribuídos consonte os seguintes criterios e proporcións:

- | | |
|-----------------------------|--------------------|
| — Cuestión transversal..... | 1,5 puntos |
| — Comentario persoal..... | [0,5 ptos.] |
- Avalíase a **capacidade do/da alumno/a** para situar a cuestión temática no **horizonte global da historia da filosofía**.
 - A cuestión relacional debe ser avaliada de 0 a 1,5 puntos.
 - No caso de que un/unha alumno/a faga algún atinado comentario persoal que poña en evidencia a súa comprensión, poderáselle outorgar ata 0,5 puntos. Isto é: no hipotético –ben que improbable– caso dun/dunha alumno/a que non sendo capaz de establecer unha relación nos termos nos que se lle require, introduce comentarios pertinentes e atinados outorgaríasele **0,5 puntos**.

Todas estas cualificacións **presupoñen que** estamos diante dunha composición unitaria, sintáctica e retoricamente ben estruturada, escrita con pulcritude, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica que corresponda, usando o léxico adecuado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos.

Criterios de Avaliación / Corrección

Os defectos en todos estes aspectos poden ser **penalizados con ata 3 puntos**:

Defectos na composición:	perda de ata 1 punto
Incorrección ortográfica e/ou gramatical:	perda de ata 1 punto
Pobreza léxica e insuficiencia no manexo dos conceptos:	perda de ata 1 punto

- Entre os “defectos de composición” débese penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludiren a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos desta.
- O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimentación senón que se refire á efectiva estruturación unitaria.
- No tocante á corrección ortográfica e gramatical debemos ser tolerantes cos erros eventuais achacables ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con laxitude erros particulares e reiterativos (incorreccións ortográficas limitadas en tal ou cal vocablo, construción defectuosa de tal ou cal estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas incorreccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como a incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical. Penalizarase con contundencia aqueles exames nos que predomine o anacoluto.
- No que atinxe ao uso do léxico e mais á comprensión conceptual debemos de ser rigorosos/as con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á universidade (que é do que se trata).